



DATOS IDENTIFICATIVOS

Literatura e outras artes do primeiro idioma estranxeiro: Inglés

Materia	Literatura e outras artes do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01905			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Bueno Alonso, Jorge Luis			
Profesorado	Bueno Alonso, Jorge Luis			
Correo-e	jlbueno@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/lvtc/people/jlbueno			
Descrición xeral	Esta materia ocúpase do estudo avanzado das relacións entre a produción literaria en lingua inglesa e os diversos modos de expresión artística (plástica, visual, musical etc) existentes nos diversos ámbitos de produción artística do mundo en lingua inglesa. Usando o cinema como arte que aglutina o resto das expresións artísticas nos seus modos narrativos, e a figura de Shakespeare como icona cultural da literatura en lingua inglesa, a materia desenvolverá unha análise teórico-práctica das relacións entre a obra Shakespeariana a través do cinema e o resto das artes.			

Competencias

Código	
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
C2	Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz.
C3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
C4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
C5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
C6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.

- C7 Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
- C8 Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
- C9 Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
- C10 Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
- C11 Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
- C12 Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
- D1 Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
- D2 Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
- D3 Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
- D4 Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
- D5 Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
1. Coñecemento dos conceptos, tipoloxías e características das relacións entre a literatura do primeiro idioma estranxeiro e outros modos de expresión artística do(s) seu(s) ámbito(s) de produción cultural.	A2 A3 A4 A5	C1 C2 C4 C5 C10	D2 D3 D4
2. Uso axeitado da terminoloxía e da metodoloxía para describir e analizar os seus textos representativos.	A2 A3 A4 A5	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10 C11 C12	D3 D4
3. Comprensión da interacción co contexto no que se inscribe a súa produción e recepción.		C4 C6 C8 C10	D1 D2 D3 D4 D5
4. Participar en debates e outras actividades formativas en grupo, tal e coma se especifica na competencia 4.		C1 C7 C11	
5. Preparación de presentacións orais e traballos escritos que amosen a reflexión crítica do alumnado que sexa resultado dun breve e sinxelo labor investigador, tal e coma figura nas competencias 5 e 6.		C3 C9	D2 D5

Contidos

Tema

1. THEORY AND PRACTICE OF SHAKESPEARE, FILM AND THE ARTS	<p>1.1. WILLIAM SHAKESPEARE: ESSENTIAL CONTEXT OF AN ART ICON.</p> <p>1.1.1. Screening Shakespeare: A swift overview</p> <p>1.1.2. Understanding Shakespeare: Interpretation vs. Overinterpretation.</p> <p>1.1.3. Shakespeare and the Arts: An Overview.</p> <p>1.2. FILM AS TEXTUAL/VISUAL ART: FUNDAMENTALS OF FILM ANALYSIS AS A MULTIARTISTIC ANALYTICAL TOOL</p> <p>1.2.1. Mise en Scène: Design, Architecture.</p> <p>1.2.2. Cinematography: Moving Photography & Painting</p> <p>1.2.3. Editing: Seeing the Narrative</p> <p>1.2.4. Sound and Music.</p>
2. VISUALIZING SHAKESPEARE(S): AN MULTIFACETED CASE STUDY IN MACBETH & MUCH ADO ABOUT NOTHING.	<p>2.1. MACBETH. TEXT, FILM, ARTS AS TRAGEDY.</p> <p>2.1.1. Macbeth: In-Depth Textual Analysis.</p> <p>2.1.2. Orson Welles's Macbeth (1948): Film Noir, Art Noir, Avant-Garde.</p> <p>2.1.3. Akira Kurosawa's Throne of Blood (1957): East-West Artistic Divide.</p> <p>2.1.4. Mark Brozel's Macbeth (2006): MacShakespeare on the TV Screen.</p> <p>2.1.5. Rupert Goold's Macbeth (2010): Underground Art.</p> <p>2.2. MUCH ADO ABOUT NOTHING: TEXT, FILM, ARTS AS COMEDY</p> <p>2.2.1. Much Ado About Nothing: In-Depth Textual Analysis.</p> <p>2.2.2. Kenneth Branagh's Much Ado About Nothing (1993): Flamboyant Artistic Comedy.</p> <p>2.2.3. Brian Percival's Much Ado About Nothing (2006): Sitcoms & Popular Artistic Forms.</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	12	25	37
Estudo de casos/análises de situacións	36	50	86
Traballos tutelados	1	12	13
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	11	11
Actividades introductorias	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Estudo de casos/análises de situacións	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Traballos tutelados	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	O profesor prestará ao alumnado a axuda personalizada necesaria para a consecución exitosa dos traballos que serán avaliados.
Traballos tutelados	O profesor prestará ao alumnado a axuda personalizada necesaria para a consecución exitosa dos traballos que serán avaliados.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	O profesor prestará ao alumnado a axuda personalizada necesaria para a consecución exitosa dos traballos que serán avaliados.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos/análises de situacións	Proba presencial o día estipulado polo profesor ó remate das clases do primeiro cuatrimestre no periodo do 18 ó 22 de xaneiro. Terá unha parte na cal o estudante terá que mostrar o seu coñecemento dos temas expostos durante o curso e outra na que varios clips dos filmes tratados no curso serán analizados e comentados.	50	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10 C11 C12
Traballos tutelados	Traballo escrito de extensión curta (5-6 pp) sobre calquera texto ou tema do período analizado. Será entregado ó profesor o día no que teña lugar a proba presencial descrita no apartado anterior. O estudante é libre de seleccionar a aproximación e o tema. A pesar de que se lles dará orientación, aconsellamos ós estudantes falar co profesor para recibir atención persoal.	40	D1 D2 D3 D4 D5
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Tres exercicios prácticos curtos serán entregados por escrito ó longo do curso en datas sinaladas con suficiente antelación polo profesor ao final de cada sección importante.	10	C6 C7 C8 C9 C10 C11 C12

Outros comentarios sobre a Avaliación

O proceso de avaliación arriba descrito será válido para todo o alumnado, que terá que asistir con regularidade ás sesións das que se compón o curso, tanto de tipo teórico como de tipo práctico (avaliación continua). Se algunha alumna ou alumno non pode cumprir con este requisito deberá comunicarllo ó profesor argumentadamente ó comezo do cuatrimestre, antes do remate da segunda semana lectiva (avaliación única).

Independentemente do tipo de avaliación (continua ou única) o alumnado será avaliado coa proba presencial final (50% para continua, 60% para única sen prácticas breves) e co traballo tutelado (40%). As prácticas breves seranlle esixidas ó alumnado de avaliación continua, aínda que se así o manifesta, o alumnado de única poderá tamén entregalas no mesmo prazo ó longo do curso, co conseguinte valor de 10% na nota final. Polo carácter eminentemente práctico da materia recoméndase a asistencia ás aulas o máis posible. A proba presencial final terá lugar o día estipulado polo profesor ó remate das clases do primeiro cuatrimestre no periodo do 18 ó 22 de xaneiro para as dúas modalidades (continua/única).

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)

O alumnado que non asista ou suspenda a avaliación continua/única (en todo ou en parte) será avaliado mediante unha única proba final no mes de xullo semellante a proba do final do cuatrimestre. Neste caso a proba final computará coma o 100%. De ter algunha parte aprobada na primeira edición serialle gardada ó alumnado en xullo e tería que facer/entregar só a parte suspensa.

Bibliografía. Fontes de información

O alumnado deberá ler as dúas obras de William Shakespeare obxecto de análise na segunda parte do curso (*Macbeth* e *Much Ado About Nothing*) nunha edición crítica en lingua inglesa. Aínda que calquera que conteña o texto serve, recoméndanse especialmente as edicións de Arden, de Norton e da RSC Macmillan

On Shakespeare's life and times, theatre, style and verse:

Crystal, David & Crystal Ben. 2002: *Shakespeare's Words: A Glossary and Language Companion*. London: Penguin.

McDonald, Ross. 2004: 'Shakespeare's Verse' in Wells, S. & Orlin, L.W. eds. 2004: *Shakespeare: An Oxford Guide*. Oxford: Oxford University Press.

Wells, Stanley. 2004: 'Why Study Shakespeare?' in Wells, S. & Orlin, L.W. eds. 2004: *Shakespeare: An Oxford Guide*. Oxford:

Oxford University Press.

Abrams, Nathan., Bell, Ian and Udris, Jan. 2001: *Studying Film*. London: Arnold. (Chapter 2.6. "The Language of Film")

Bueno, Jorge L. 2004: "Baseless fabric" vs. "Potent art": Towards new perspectives in Shakespeare cinematic revisions" in Moskowich-Spiegel, Isabel. et. al. eds. *Interpretations of English: Essays on Literature, Culture and Film*. Coruña: Universidade da Coruña Press.

Wray, Ramona. 2012: "Shakespeare on Film, 1990-2010", in Burnett, Mark T; Streete, A. & Wray, R. eds. *The Edinburgh Companion to Shakespeare and the Arts*. Edinburgh: Edinburgh University Press, 502-521.

Pearlman, E. 2002: "Macbeth on Film: Politics", in Davies, A. & Wells, S. eds. *Shakespeare and the Moving Image. The Plays on Film and Television*. Cambridge: Cambridge University Press.

Wray, Ramona. 2006: "Shakespeare and the Singletons, or Beatrice Meets Bridget Jones: Post-Feminism, Popular Culture and "Shakespea(Re)-Told"", in Burnett, Mark T. & Wray, R. eds. *Screening Shakespeare in the Twenty-First Century*. Edinburgh: Edinburgh University Press, 185-205.

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Literatura e identidade cultural do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01903

Literatura e identidade de xénero do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01904

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura: Pensar a literatura/V01G180V01202

Análise e interpretación literaria de textos do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01401

Introdución á literatura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01301

Ámbitos literarios II do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01601

Outros comentarios

Nunha materia de análise fílmica e literaria coma esta, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento chave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda encarecidamente a presenza e participación na aula.

Do mesmo xeito, para superar esta materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como a nivel persoal. Lémbrese que a avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.
